



1

CONCELLO DE CHANTADA

ANUNCIO.

Por resolución da Alcaldía, de data 19/03/2018, que se transcribe, acórdase modificar a data de inicio das probas selectivas para contratación de persoal no programa DEPUEMPREGO 2017-8, e, asimismo, da constitución del tribunal:

“ DECRETO POLO QUE SE ACORDA MODIFICAR A DATA DE INICIO DAS PROBAS NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL PARA O PROGRAMA DEPUEMPREGO EN 2017-8.

Vista a Resolución da Alcaldía de data 14/03/2018, pola que se aproba a lista definitiva, composición do tribunal e data, lugar e hora de inicio de probas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para participar na convocatoria de selección, por un período de seis meses, de un peón especialista para gravillar, un peón para riego asfáltico, un palista, un conductor camión, un conductor camión con cuba e un conductor tractor-desbrozadora; para a súa contratación laboral temporal, neste Concello de Chantada, polo sistema de concurso-oposición

Atendido que varios dos membros designados para constituir o tribunal na data prevista, comunicaron no día de hoxe, non poder asistir por causa de enfermidade.; entre eles o presidente e o seu suplente, así como unha vogal titular.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en Resolución de Alcaldía de data 09/02/2018 e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Suspende a data de constitución del tribunal e de inicio das probas do proceso selectivo de contratación de persoal dentro programa depuemprego 2017-8, prevista para o luns, día 19 de marzo actual.

SEGUNDO.- Acordar ratificar a composición do tribunal designado por Resolución desta Alcaldía de data 14 de marzo de 2018 e demais actuacións do expediente.

TERCEIRO.- **Fixar para o próximo xoves, día vintedous de marzo actual, ás dez horas, no Auditorium municipal, a composición do tribunal e inicio das probas selectivas.**

CUARTO.- Publicar esta resolución, no Taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Chantada, e **citar a todos/as os aspirantes admitidos/as para concurrir o próximo xoves, día vintedous de marzo actual, as 10:00 horas, ao edificio do Auditorium, sita na Praza de Galicia, s/n desta Vila.”**

O que se fai público para coñecemento xeral e efectos oportunos.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2018.

O Alcalde,

Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA